



# I Concurso “Cartas ós Reis Magos”

O Concello de Begonte, quere convidar ós nenos/as a participar no I **concurso de cartas ós Reis Magos 2015**, coa que pretende fomentar os hábitos de lectura, escritura e redacción.

## BASES DO CONCURSO

### MODALIDADE E PARTICIPACIÓN

Establécese unha única modalidade, dirixido ós alumnos de Educación Primaria dos centros educativos do Concello de Begonte.

### TEMÁTICA

Os alumnos deberán escribir unha carta ,en galego, dando a benvida as súas Maxestades os Reis Magos de Oriente o vindeiro 5 de Xaneiro. Podendo expresar os seus desexos, ilusións,etc.

As cartas non poderán superar os 1050 caracteres (200 palabras). Estas poderán ir ilustradas con debuxos.

### PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os traballos serán recollidos nos Colexios ó Xoves **17 de Decembro** do 2015.

### REQUISITOS

Cada colexio entregará como máximo tres cartas, nun sobre pechado. No exterior do sobre indicar “I concurso de Cartas aos Reis Magos”.

As cartas identificaranse mediante un número no reverso, que cada colexio poñerá aleatoriamente. En ningún caso, as cartas poderán levar ningún dato que identifique o colexio o que pertencen.

Noutro sobre pechado entregar unha copia das cartas, cá autorización acompañadas dos datos dos titores/profesores promotores desta actividade.

### XURADO

O xurado estará formado por persoal municipal e da organización da Cabalgata de Reis.O fallo do Xurado será inapelable.

O xurado valorará as cartas tendo en conta a orixinalidade,creatividade, espontaneidade,así como os seus valores positivos, descartando para o premio aquelas cartas na que se perciba a intervención directa dun adulto.

O Xurado nomeado, emitirá o fallo inapelable antes do 4 de Xaneiro do 2016, reflexándose na acta correspondente. Calquera circunstancia non prevista será resolta de forma inapelable polo xurado. O fallo do xurado farase público na web do Concello



**PREMIOS**

Os premios consistirán nun diploma e un vale canxeable por material didáctico nos seguintes importes:

<b>1º Premio</b>	<b>2º Premio</b>	<b>3º Premio</b>
70€	45€	35€

A carta gañadora ( 1º premio) será lida polo autor/a no acto de benvida ós reis magos, que terá lugar o día 5 de xaneiro de 2016. No caso, que o gañador non desexe ler a carta, o Concello nomeará outro neno para ler a carta gañadora.

O acto de entrega dos premios terá lugar na Casa de Cultura de Begonte, nun acto que previamente se anunciará. Os traballos presentados no Concurso expoñeranse nas dependencias da Casa da Cultura.

**ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das presentes bases, que poderán ser interpretadas polo Xurado avaliador naqueles aspectos non previstos nas mesmas.

**CESIÓN DE DEREITOS DE AUTOR**

O Concello de Begonte adquire os dereitos de reprodución, e exposición das cartas que se presentan. No obstante, comprométese a devolver os traballos non premiados a petición do interesado.

**AUTORIZACIÓN PAI/NAI OU TITOR LEGAL E DATOS DO PARTICIPANTE**

Nº ALEATORIO DA CARTA

Eu \_\_\_\_\_, en calidade de pai, nai ou titor legal do menor, con DNI\_\_\_\_\_ e TLF: \_\_\_\_\_.

AUTORIZO A \_\_\_\_\_

con data de nacemento \_\_\_\_\_ a participar no “I Concurso de Carta ós Reis Magos 2015” organizada polo Concello de Begonte.

Asimesmo, por medio desta autorización, acepto as bases do presente concurso.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura